

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de xuño de 2024**

Ás 17.57 horas do día 17 de xuño de 2024, reúnese a Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D.^a M.^a Teresa Barge Bello

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Emilio Luís Díaz Vidal

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangane Guede

D. Xosé Manuel Puga González

Deputado de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO
DÍA 23 DE MAIO DE 2024.-**

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 23 de maio de 2024.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade do día 23 de maio de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

**2º.- MOCIÓN DO BNG PARA A CONSTRUCCIÓN DUN INSTITUTO DE
EDUCACIÓN SECUNDARIA EN BARBADÁS**

D. Xosé Manuel Puga González do BNG, expón o contido da moción.

Non se producen intervencións e co voto favorable do BNG (1) e a abstención do Grupo Popular (6), do Grupo Socialista (4) e de DO (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1.- Esixir da Xunta de Galiza que nos orzamentos do ano 2025 figuren as partidas acaídas para a acometer a realización do proxecto de construción do instituto de Barbadás.

2.- Tendo en conta que a maior parte do alumnado do IES Ferro Couselo reside no Concello de Barbadás, que a Xunta de Galiza programe novos usos públicos (de ser o caso) para este centro educativo.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, manifesta que tivo coñecemento a través de diversas fontes que a Deputación Provincial vai asumir o custo do mantemento do campo de fútbol do Couto, polo que pregunta que custo vai ter para a Deputación.

O **Sr. presidente** indica que xa antes das obras se asumía a través dun convenio e que se está traballando na redacción dun novo, pero entende que en todo caso ese gasto se compensará con outras contraprestacións máis importantes para a provincia.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, sinala que esta fin de semana tivo lugar a Copa Deputación de fútbol feminino no estadio do Couto e roga que en futuras edicións se repartan entradas en colexios e clubs, para fomentar o deporte feminino.

O **Sr. presidente** responde que tivo ocasión de asistir e que había moita afluencia de público, en todo caso a organización lle corresponde á Federación Galega de Fútbol e que a Deputación lle deu toda a difusión posible.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, pregunta cando se vai constituír a comisión para o estudo da situación das instalacións da estación de montaña de Manzaneda.

O **Sr. presidente** responde que á maior brevidade posible.

D.^a Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, pregunta se no orzamento do ano 2025 se van contemplar de novo partidas para reformas de campos de fútbol na provincia.

O **Sr. presidente** responde que se estudará esta posibilidade.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, realiza o rogo de que nas Copas Deputación de Voleibol se lles dea aos árbitros material técnico adecuado, xa que na recentemente celebrada houbo deficiencias.

O **Sr. presidente** toma nota do rogo.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, pide información sobre a licitación para a implantación de comunidades enerxéticas na provincia que sacou a Deputación e, en particular, sobre a súa localización e a xestión do proxecto unha vez finalizada a contratación.

O **Sr. presidente** contesta que se pedirá a información ao servizo competente e que se lle remitirá.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, pregunta se existe previsión de que a Deputación faga un contrato para o mantemento dos numerosos campos de fútbol de céspede artificial da provincia.

O **Sr. presidente** indica que se estudará esta posibilidade.

E, ás 18.10 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

